

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2018/05

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 31 de xullo de 2018.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **31 de xullo de 2018** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije (excusa ausencia)

Dona Vanesa Yanes Rivas

Polo Grupo do Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

O Sr.Alcalde disculpa a ausencia do concelleiro do seu Grupo don Jorge Díaz Freije.

1.APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA 2018/04 DE 24 DE MAIO DE 2018.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A concelleira do Grupo Socialista Sra.González Ginzó refírese á súa intervención noo punto 4 da acta da sesión anterior.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.-EXPEDIENTE Nº. 1079/2018 CORRESPONDENTE Á MEMORIA RELATIVA AOS ASPECTOS SOCIAL, XURÍDICO, TÉCNICO E FINANCEIRO E DE DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE RIBADEO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa Especial para o Centro de atención a maiores de data 24/07/2018, que se transcribe:

“DITAME:Por parte da Alcaldía dase conta do asunto epigrafiado explicando que se trata básicamente de fixar o sistema de xestión para o Centro de maiores coa aplicación do disposto no artigo 97 do RD 781/1986.

Cede a palabra aos técnicos municipais sinalándose en primeiro lugar polo Secretario Municipal os termos do disposto no artigo 97 do TR das disposicións vixentes en materia de réxime Local aprobado por RD 781/1986, de 18 de abril.

O mesmo funcionario fai unha breve descrición da Memoria e estudio de viabilidade existente no procedemento sintetizando os acordos que se deben adoptar relativos á determinación da forma de xestión directa mediante o convenio de colaboración suscrito coa Deputación Provincial, a aprobación da memoria proposta cos seus aspectos xurídico, social, técnico e financeiro así como a exposición pública correspondente a efectos de alegacións.

Sinala tamén que no tocante aos regulamentos previstos de acceso, réxime interno e para o cobro dos prezos públicos darase outra exposición pública en virtude do disposto no artigo 133 da vixente Lei 39/2015 no réxime de participación aos cidadán nos procedementos de elaboración de normas.

Toma a palabra a continuación o Sr.Interventor que incide na parte económica do estudio de viabilidade que consta no expediente, simulacións efectuadas para calcular os prezos do

servizo co tipo medio de pensións existentes, fórmulas utilizadas, etc. etc.

O trabalador Social do Concello intervén tamén para referirse ás formulas e cálculos empregados no referido estudio.

Para rematar o Secretario municipal sinala que cumpriría ditaminar o asunto para elevación ao Pleno municipal no senso de:

- 1.- Determinar para o Centro de maiores de Ribadeo a forma de xestión directa a través de convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo.
- 2.- Aprobar a Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro para o Centro de maiores de Ribadeo coa toma en consideración dos Regulamentos de acceso, interior e de prezos públicos para a mesma.
3. Remmitir ao Pleno para a toma en consideración e exposición pública conforme se sinala no artigo 97 do RD 781/1986, de 18 de abril de aprobación do TR de medidas urxentes en materia de réxime Local.

A Comisión por unanimidade dos membros acorda ditaminar favorablemente o expediente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal nos termos indicados.”

Promóvese deliberación intervindo diferentes membros da Corporación.

A Concelleira do Grupo Socialista Sra. González Ginzo manifesta que os textos aprobados no Concello e na Xunta de Goberno da Deputación cre que non coinciden polo que se debería revisar para concretar cal é o texto que se vaia aprobar.

Pola Alcaldía se sinala que se revisará e que en todo caso haberá unha exposición pública e se concretará.

Sometido a votación a Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame nos seus propios termos.

3.-EXPEDIENTE Nº. 238/2018 RELATIVO AO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE 2017.

Hai un ditame da Comisión Informativa de 24/07/2018 que se transcribe:

“DITAME:

Dase conta do informe – resumo de reparos emitidos pola Intervención de Fondos correspondentes ao exercicio de 2017 e que obra no expediente así como do informe xustificativo da Alcaldía qe tamén consta incluído no procedemento.

Por parte da concelleira do Grupo Popular Sra. Tosar López significase que son moitos os reparos que aparecen. O Sr. Alcalde refírese aos diferentes eidos dos reparos explicando brevemente a que se refiren moitos deles como por exemplo no apartado de contratación ou no de nóminas, etc.

A Comisión dase por enterada.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, queda enterada do asunto epigrafiado.

4.-EXPEDIENTE Nº 1936/2018 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T24 DA TAXA POR OCUPACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS,ETC.

Hai un ditame da Comisión Informativa de 24/07/2018 que se transcribe:

“DITAME:Obra no expediente Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Contas a modificación da ORDENANZA FISCAL T24 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU RESERVA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INMOBLES DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBADEO, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

A modificación da presente ordenanza, como se sinala na Providencia de Alcaldía de 14/06/2018 que inicia o expediente, refírese aos seguintes aspectos:

En primeiro lugar clarificar a suxeición ou non a este tributo do emprego do dominio público ou de inmobles públicos por parte de determinados terceiros e para determinadas finalidades.

*Sinalar por unha banda que o artigo 20.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local entre os que se atopa o de ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, **con finalidade lucrativa.***

*Pola súa banda, o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, dispón que as Corporacións locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitarles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, **o uso dos medios públicos** e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsar a súa participación na xestión da Corporación nos termos do número 2 do artigo 69. A tales efectos poden ser declaradas de utilidade pública*

O artigo 92.5 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, con carácter supletorio con respecto á normativa propia das entidades locais, sinala á súa vez no relativo ao uso do dominio público que “As autorizacións poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou con condicións, ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal regulada no capítulo VIII do título I da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de Modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter Público, ou ás taxas previstas nas súas normas especiais.

Non estarán suxeitas á taxa cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non leve aparellada unha utilidade económica para a persoa autorizada ou, aínda existindo dita utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña

condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela. Nos casos previstos no parágrafo anterior, farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou clausulado da autorización”.

Por outra banda, aproveitando a necesidade de modificar a ordenanza, convén regular situacións relativas tanto ao emprego parcial de instalacións públicas como o auditorio, casa da xuventude, etc, cando soamente se solicita a ocupación dalgunha sala ou local concreto, e incluso pola duración cando non se estende a un día completo, ao figurar agora na ordenanza unha cota única por instalación e día.

Finalmente e tamén é procedente establecer de xeito claro as obrigas formais de xestión, de autoliquidación e pagamento dos importes.

Ningunha destas modificacións afecta ás tarifas xa establecidas, que seguen nos mesmos importes, e unicamente veñen a plasmar na norma municipal e regular supostos recollidos nas leis e que xa estaban a ter lugar de xeito oficioso, o mesmo que ocorría coas liquidacións parciais por espazo ou tempo. Deste xeito, en principio non será preciso a elaboración do informe técnico-económico a que se refire o artigo 25 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Deste xeito, despois de examinar o expediente tramitado para a modificación da ordenanza, visto o informe emitido pola Tesourería fiscalizado e conformado pola Intervención municipais de data 02/07/2018, enténdese que procede realizar unha modificación do texto da Ordenanza Fiscal en vixencia de acordo co exposto.

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.
- Os artigos 15 a 19, 59 e DA 13^a do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais, e os impostos obrigatorios.
- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. - Aprobar con carácter provisional a modificación da ORDENANZA FISCAL T24 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU RESERVA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INMOBLES DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBADEO, quedando redactados os seus artigos do seguinte xeito:

“ORDENANZA T24 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU RESERVA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INMOBLES DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBADEO.

Artigo 1. Fundamento e obxecto

1. De conformidade co previsto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, 106 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e 20.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei de Facendas Locais, o Concello de Ribadeo establece a taxa pola

utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público no Concello.

- 2. Será obxecto desta exacción a utilización ou reserva de canto espazo exista no termo municipal que sexa de titularidade pública ou afecto ao uso xeral e todos aqueles inmobles de utilización pública, destinados ao uso xeral da cidadanía e afectos ao servizo público, agás os de carácter deportivo (pavillóns), que se regularán polo previsto na Ordenanza Fiscal T13, excepto isto último cando concorran as condicións que se dispoñen no Artigo 7 desta ordenanza, relativo a Ribadeo Eventos en que se rexerán pola Ordenanza Fiscal T.24.*

Artigo 2. Feito impoñible.

Constitúe feito impoñible da taxa a utilización ou aproveitamento de espazos públicos e inmobles de uso público local.

Artigo 3. Obrigados ó pago

Están obrigados ao pago da presente taxa as persoas e entidades que soliciten a utilización das instalacións, espazos ou inmobles e quen as utilicen de forma privativa ou con aproveitamento especial, aínda sen teren obtido a preceptiva autorización.

A responsabilidade tributaria será asumida nos termos establecidos no artigo 41 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades a que se refiren respectivamente, os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo de que as leis establezan outros supostos de responsabilidade solidaria e subsidiaria distintos aos previstos e

nos preceptos citados.

O procedemento para declarar e esixir a responsabilidade solidaria ou subsidiaria será o previsto, respectivamente, nos artigos 175 e 176 da Lei Xeral Tributaria

Artigo 4. Supostos de non suxeición

Non estará suxeita ao pagamento da taxa que regula a presente ordenanza a utilización puntual de espazos ou inmobles públicos realizada directamente por entidades sen ánimo de lucro, para os aproveitamentos cuxo fin inmediato sexa o desenvolvemento de actividades de interese xeral que constitúan o seu obxecto social ou finalidade, e non leve aparellada unha utilidade económica para esta ou, aínda existindo dita utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións que anulen ou fagan irrelevante aquela.

A este efecto considéranse entidades sen ánimo de lucro:

- As entidades sen fins lucrativos ás que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e*
- o resto de asociacións e/ou entidades que, sen estar necesariamente incluídas nos supostos a que se refire o punto anterior, con todo, teñen o recoñecemento de entidades*

de utilidade pública municipal, por ter, tanto o seu obxecto social, como as súas actividades, carácter complementario con respecto ás competencias municipais.

Para a consideración deste suposto de non suxeición, as entidades sen ánimo de lucro deben reunir estes requisitos:

- 1) Deben estar inscritas no rexistro público correspondente.*
- 2) Deben perseguir finalidades de interese xeral, como, entre outras, a defensa dos dereitos humanos, a asistencia social e a inclusión social, as cívicas, educativas, culturais científicas, deportivas, sanitarias ou de tipo comunitario ou veciñal, o lecer, a defensa do medio ambiente e a protección dos animais.*
- 3) As persoas fundadoras, patroas, asociadas, representantes ou membros dos órganos de goberno, e tamén os seus cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia efectiva ou parentes ata o cuarto grao, non deben ser os destinatarios principais das actividades.*
- 4) Os cargos da entidade deben ser gratuítos.*
- 5) En caso de disolución, o seu patrimonio debe destinarse a unha entidade ou finalidade de igual natureza.*
- 6) Deben adicar á realización das finalidades de interese xeral polo menos o 70 % dos seus ingresos.*
- 7) A actividade realizada non debe consistir no desenvolvemento de explotacións económicas alleas á súa finalidade estatutaria. A este efecto, enténdese por explotación económica allea calquera explotación non prevista no artigo 7 da Lei 49/2002.*
- 8) Deben estar ao corrente das obrigacións contables.*

O requisito 1 acredítase mediante a achega da inscrición. Os requisitos 2, 3, 4 e 5 acredítanse coa achega dos estatutos ou as regras fundacionais. Os requisitos 6, 7 e 8 acredítanse mediante unha declaración responsable da persoa legal representante da entidade.

As actividades para as que se solicite autorización deberán reunir as seguintes condicións para entenderse non suxeitas á taxa regulada na presente ordenanza:

1) Deberán ser de carácter cívico, educativo, científico, cultural, deportivo, sanitario, de promoción dos dereitos humanos, de asistencia social, de cooperación ao desenvolvemento, de defensa de consumidores e usuarios, defensa do medio ambiente, os que promovan a sustentabilidade, os de fomento da economía social ou da investigación, de promoción do voluntariado social, de atención ás persoas con risco de exclusión, de apoio mutuo, e calquera outros de natureza similar.

2) Deberán ser de interese público municipal e social para a cidadanía en xeral, non estando restrinxida exclusivamente a beneficiar aos seus asociados, senón aberta a calquera outro posible beneficiario.

Para acreditar o dereito á non suxeición á taxa, no momento de solicitar a autorización para a ocupación dos espazos ou inmobles públicos, deberá axuntarse a documentación que permita comprobar o cumprimento das condicións recollidas no presente artigo, tanto no que se refire ás características da entidade, como a actividade a desenvolver e á non existencia de utilidade económica.

Unha vez examinada esta, e tras a emisión dos informes que procedan polos servizos económicos, no caso de ser favorable, o acordo no que se conceda a autorización incluirá a determinación de non suxeición á taxa regulada na presente ordenanza. No caso contrario, practicarase polo departamento que corresponda tramitar a autorización a liquidación tributaria que proceda.

Artigo 5. Cota tributaria



*Tarifa pola reserva ou utilización de inmobles ou espazos públicos: **252,71 euros/día.***

Cando a solicitude de ocupación das instalacións ou espazos titularidade municipal non exceda de 5 horas, poderase modular a cota tributaria en función ao número de horas efectivamente utilizadas, de xeito proporcional. Superado ese límite de tempo, a cota fixa diaria será de 252,71 euros/día.

Tamén no caso de que se solicite unicamente o uso parcial dunha instalación, no caso de que sexa posible determinar a superficie que supón esta sobre o total, poderase modular proporcionalmente a cota tributaria. De non poder determinarse, a cota fixa diaria será de 252,71 euros/día.

No suposto de que a reserva ou utilización leve aparellada actividade consistente na disposición de alimentación (ceas, comidas...) ou a actividade a desenvolver xere residuos pola súa natureza, incrementarase a tarifa nun 50%.

Para o caso de que o solicitante autorizado para a utilización das instalacións o fose tamén para o cobro do acceso de espectadores as tarifas anteriores incrementarase cun 10 por 100 da recadación bruta final.

Para que pola Tesourería municipal poda efectuarse un debido control dos ingresos declarados polo cobro de acceso aos espectadores, en defecto de programas informáticos específicos, presentarse unha vez finalizada a actuación, o cargo de valores, con indicación do concepto e importe por entrada.

Artigo 6. Normas complementarias

Cada usuario será responsable directo dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros nos espazos autorizados causados polos asistentes á actividade, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello. Esta previsión non se aplicará no caso de que os danos sobreveñan ao local polo só efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria ou por forza maior.

O Concello poderá solicitar, cando o departamento competente o estime oportuno, previamente á concesión da autorización, a constitución de fianza en calquera das formas legalmente admitidas, que responderá do cumprimento das obrigas do bo uso e conservación das instalacións municipais e espazos públicos, así como dos danos e prexuízos que os usuarios deban afrontar como consecuencia do previsto no punto primeiro. Tamén responderá do pago das sancións que poidan impoñerse en virtude da aplicación da presente Ordenanza Fiscal.

Así mesmo, o Concello poderá condicionar a correspondente autorización a que, con anterioridade ao comezo da actuación, acredítese a contratación dunha póliza de responsabilidade civil do valor que se indique, quedando o efectivo uso vinculado a iso.

Unha vez finalizada a autorización, e comprobada polo Departamento correspondente a inexistencia de danos e prexuízos sobre as persoas ou cousas como consecuencia da

utilización autorizada, procederá á devolución da fianza en caso de haberse exixido e constituído.

Os gastos de persoal discontinuo como cobradores, porteiros, electricistas, acomodadores, vixilantes, persoal de carga e descarga, montaxe e desmontaxe de escenario e calquera outros que se requiran en función da natureza do acto, correrán por conta dos organizadores, sendo da súa exclusiva responsabilidade o cumprimento das obrigas laborais, fiscais ou de outra índole que se deriven de tal relación laboral.

Artigo 7. Obriga de pagamento

1. A obriga de pago xurde coa utilización ou reserva dos espazos e inmobles a que se refire esta Ordenanza
2. O pago da taxa deberá efectuarse no momento de formular a oportuna solicitude, a cal non se autorizará sen que previamente se efectúe o pago que, no seu caso, resultase esixible
3. Non están obrigadas ao pagamento de cantidade algunha as actividades deportivas ou actos de calquera índole, organizadas polo propio Concello de Ribadeo, ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se conceda o patrocinio municipal, e aqueles actos ou actividades que sexan organizados ou promovidos a través do programa de Ribadeo Eventos do Concello de Ribadeo.
4. A Alcaldía poderá acordar o Patrocinio Municipal cando en atención ao carácter social, cultural, benéfico ou formativo dos actos se estime procedente fomentar a súa realización. O acordo que se adopte deberá ser motivado.
5. As persoas ou entidades interesadas no Patrocinio Municipal a que se refire o número anterior instarano do Concello acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión e cunha antelación mínima de quince días sobre a celebración do acto. En ningún caso serán acollidas peticións de Patrocinio Municipal cando a actuación a desenvolver revista ánimo de lucro polo seu obxecto ou natureza ou expectativas de carácter económico para o suxeito organizador.
6. As persoas, organizacións e/ou entidades que desexen participar de Ribadeo Eventos realizarán obrigatoriamente a solicitude a través da plataforma electrónica www.eventos.ribadeo.org. ou petición ao servizo con competencias na materia.

Artigo 8. Normas de xestión

1. A xestión e recadación desta taxa corresponderá ao Concello de Ribadeo.
2. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. Os suxeitos pasivos virán obrigados a practicar a autoliquidación no modelo que oficialmente se estableza e ingresar o seu importe a través da Entidade colaboradora que pola Tesourería Municipal determine.
3. Tódalas solicitudes deberán especificar o espazo ou inmovible solicitado, as actividades a realizar, calendario e horario necesario, así como o número potencial de asistentes.
4. A resolución da Alcaldía sobre a procedencia ou improcedencia de conceder as autorizacións para a utilización dos espazos, será notificada aos interesados e aos servizos encargados da súa execución.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da ordenanza.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicado no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu título e artigos 1, 2 e 3 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicado no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos artigos 1 e 5 por acordo plenario de data 18 de novembro de 2014 e publicado no BOP número 20 de 26/01/2015

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada por acordo plenario de data xx/xx/2018 e publicado no BOP número xx de xx/xx/2018”.

Segundo.- *Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a citada publicación.*

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o expediente e proposta de referencia nos termos da mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisió, nos seus propios termos.

5.-EXPEDIENTE N° 4112/2017 RELATIVO Á APROBACIÓN DEDFINITIVA DO PROXETO TÉCNICO DE SUBSTITUCIÓN DE VIARIO MUNICIPAL POLO VIARIO SN-V2 PREVISTO NO PLANEAMENTO MUNICIPAL.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 24 de xullo de 2018 que se transcribe:

“Dase conta do Informe-Proposta de Secretaría que obra no expediente:

“INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

En relación co procedemento do expediente de proxecto de urbanización que afecta a ámbito de actuación **Proxecto de urbanización relativo a Substitución do viario municipal polo viario SN-V2** que leva á práctica as determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emito o seguinte informe:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente por acordo plenario de data 19 de decembro de 2017 o proxecto de urbanización referenciado, foi sometido a información pública durante o prazo de un mes.

TERCEIRO. No período de información pública, foron presentadas as seguintes alegacións:

Nº Orde	Titular Catastral: Nome e apelidos	Data entrada no Concello	Nº Rexistro entrada
1	María del Pilar González García	19/01/2018	2018-E-RC-610
2	Ernesto Cruzado Estévez	26/01/2018	2018-E-RC-799
3	Angustias Álvarez Álvarez	29/01/2018	2018-E-RC-856
4	Construcciones Os Molineros, S.L.	29/01/2018	2018-E-RC-29
5	Santiago Codesido Barreiro en representación Bienes Inmuebles Corporativos Atlanticos 2008, S.L.U	31/01/2018	2018-E-RC-949

CUARTO. Ao respecto das alegacións, informouse polo equipo redactor do proxecto :.

Nº Orde	Titular Catastral: Nome e apelidos	Informe Alegación
1	María del Pilar González García	<p>O valor determinado no proxecto calculouse dacordo a lexislación vixente na materia e polo tanto, considerase correcto e axustado ao valor que presenta o chan no momento da redacción do proxecto, en calquera caso, o valor definitivo a aboar será determinado no proceso expropiatorio a desenrrolar.</p>
2	Ernesto Cruzado Estévez	<p>A relación de bens reflexada no proxecto considrase correcta e en todo caso a relación individualizada de bens establecerase de comun acordo coa propiedade no momemnto de levantar a Acta previa á ocupación</p> <p>O valor determinado no proxecto calculouse dacordo a lexislación vixente na materia e polo tanto, considerase correcto e axustado ao valor que presenta o chan no momento da redacción do proxecto, en calquera caso, o valor definitivo a aboar será determinado no proceso expropiatorio a desenrrolar</p> <p>Porponse denegar a solictude dado que o terreno correspondente á expropiación é preciso para a execución da obra pública , non podendo ser obxeto de expropiación aqueles bens que non sexan precisos para a mesma quedando a disposición do propietario o terreo e a edificabilidade correspondente ao resto da parcela de sua propiedade.</p>
3	Angustias Álvarez Álvarez	<p>Proponse rectificar a titularidade atribuída da finca nº4 no desenrrolo do proceso expropiatorio no sentido de que figuren</p>

		<p>como titulares D^a Angustias Alvarez Alvarez e D. Urbano Baldomero Alvarez Pulpeiro</p> <p>O valor determinado no proxecto calculouse dacordo a lexislación vixente na materia e polo tanto, considerase correcto e axustado ao valor que presenta o chan no momento da redacción do proxecto, en calquera caso, o valor definitivo a aboar será determinado no proceso expropiatorio a desenrrolar</p>
4	Construcciones Os Molineros, S.L.	<p>Porponse rectificar a titularidade atribuída da finca n.º 8 no desenrolo do proceso expropiatorio no sendio de que figure ocmo titular Construcciones Os Molineros, S.L.</p>
5	Santiago Codesido Barreiro en representación Bienes Inmuebles Corporativos Atlanticos 2008, S.L.U	<p>A pesar de que a xustificación técnica da solución proposta é perfectamente válida, non o obxeto do presente proxecto a execución dos accesos ás parcelas privadas.</p>

Obra no expediente Informe do técnico municipal, D. Francisco M. Moreda Gil, de data 13/07/2018 coa seguinte conclusión :

Unha vez revisadas as alegacións, e visto o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, como técnico redactor do proxecto D. Javier Vázquez Rodríguez, este técnico municipal atopase de acordo co descrito no citado informe do técnico redactor.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ven determinada por:

— Os artigos 96 e concordantes da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.

— O artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación definitiva polo Alcalde deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. INADMITIR as seguintes alegacións presentadas por Dna Maria del pilar González Garcia, D. Ernesto Cruzado Estevez, e D. Santiago Codesido Barreiro , polos motivos expresados no informe do equipo redactor do proxecto e polo Informe dos Servizos Técnicos municipais de data 13.07.2018, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo, tendo en conta ademais que se trata da parte expropiatoria do proxecto que se resolverá posteriormente.

SEGUNDO. ESTIMAR PARCIALMENTE a alegación presentada por Dº Angustias Álvarez Álvarez no tocante a rectificar a titularidade da finca n.º 4 e **DESESTIMAR PARCIALMENTE** a alegación presentada pola mesma por mor de que o valor determinado no proxecto sera determinado no proceso expropiatorio a desenvolver.

TERCEIRO. ESTIMAR a alegación presentada por Construcciones Os Molineros,s.l. , polos motivos expresados no Informe dos Servizos Técnicos de data 13.07.2018, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo, en consecuencia, introducir no expediente as modificacións indicadas no Informe.

CUARTO. Aprobar definitivamente o Proxecto de urbanización relativo a Substitución do viario municipal polo viario SN-V2 coas modificacións resultantes das alegacións admitidas segundo o artigo 96 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia

QUINTO. Notificar aos interesados o presente Acordo e publicalo no Boletín Oficial da Provincia.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o expediente e proposta de referencia nos termos da mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

A Corporación, tras deliberación, acorda por unanimidade prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

6.-EXPEDIENTE Nº 963/2018 RELATIVO Á EXPROIACIÓN FORZOSA PARA PROXETO DE MELLORA E RESTAURACIÓN DE HÁBITATS NATURAIS SENDEIRO PEONIL EN AS ACEAS.-RIBADEO.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 24.07.2018, que se transcribe:

“DITAME:

Obra no expediente o informe-proposta de Secretaría que se transcribe:

INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA.-

En relación co procedemento do expediente do **“PROXECTO DE PROLONGACIÓN DO SENDEIRO PEONIL E RECUPERACIÓN DE VEXETACIÓN FORESTAL AUTÓCTONA DESDE AS ACEAS AO ENCONTRO COA ANTIGA LIÑA DO TREN MINEIRO”** de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emito o seguinte informe

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente por acordo plenario de data 24 de maio de 2018 o **PROXECTO DE PROLONGACIÓN DO SENDEIRO PEONIL E RECUPERACIÓN DE VEXETACIÓN FORESTAL AUTÓCTONA DESDE AS ACEAS AO ENCONTRO COA ANTIGA LIÑA DO TREN MINEIRO** referenciado, foi sometido a información pública durante o prazo de QUINCE DÍAS.

SEGUNDO . No período de información pública, detectáronse unha serie de erros no proxecto referenciado segundo se describen no Informe do técnico municipal de data 18.07.2018 e que conclúe no seguinte:

<<Unha vez revisado o documento do proxecto presentado (marzo 2018), detectouse un erro na inclusión de tres parcelas, posto que estas xa forón expropiadas polo Concello de Ribadeo no proxecto de expropiación para o desenrolo do “Proxecto de demolicións, recuperación medioambiental da ensenada da Vilavella, ensenada peonil de conexión coas Aceñas e rehabilitación dos muiños de marea e de regato”, realizado polo arquitecto D. Ernesto Cruzado Estévez

As tres parcelas que xa estan expropiadas, son as seguintes:

* Finca 1:

- Polígono / parcela.: 22/04
- Titular catastral: HERDEIROS DE ANGEL LÓPEZ MARTÍNEZ
- Superficie: 1.242,00 m2.
- Referencia catastral: 27051A022000040000HM

* Finca 2:

- Polígono / parcela.: 22/05
- Titular catastral: ELISA GONZÁLEZ MONTEAVARO.
- Superficie: 760,00 m2.
- Referencia catastral: 27051A022000050000HO

* Finca 3:

- Polígono / parcela.: 22/06
- Titular catastral: HERDEIROS DE ANGEL LÓPEZ MARTÍNEZ
- Superficie: 457,00 m2.
- Referencia catastral: 27051A022000060000HK

Polo tanto, estas tres parcelas deben eliminarse do proxecto de expropiación definitivo.

Ademáis, desta corrección, detectáronse unha serie de erros na titularidade dalgunhas das parcelas que compoñen o proxecto, que co presente anexo se pretenden modificar.

As parcelas que presentan erros na súa titularidade son as seguintes:

* Finca 15:

- Parcela núm. 27
- Titular catastral: María Josefa Elisa López Conde.
- Superficie: 484,00 m2.

Neste caso está mal o apelido na folla de características e valoración, puxose como apelidos Pérez Conde cando era López Conde.

* Finca 18:

- Parcela núm. 31
- Titular catastral: María Josefa Elisa López Conde.
- Superficie: 1.325,00 m2.

Neste caso está mal o apelido na folla de características e valoración, puxose como apelidos Pérez Conde cando era López Conde.

* Finca 20:

- Parcela núm. 33
- Titular catastral: Carmen Pérez Fernández.
- Superficie: 4.853,00 m2.

Neste caso está mal o titular catastral actual, non é Carmen Pérez Fernández, senón María Josefa Barrera Pérez.”

TERCEIRO.- Obra no expediente Proxecto de prolongación do sendeiro peonil e recuperación de vexetación forestal autóctona dende as aceas ao encontro coa antiga liña do tren mineiro que inclúe as correccións realizadas polo técnico municipal segundo o seu informe de data 18.07.2018.

Considerando , que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas manifesta que as Administracións Públicas poderás asimismo rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados , os erros amateriais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Corrixir os erros detectados no Proxecto de prolongación do sendeiro peonil e recuperación de vexetación forestal autóctona dende as aceas ao encontro coa antiga liña do tren mineiro segundo o informe do Técnico municipal, D. Francisco M. Moreda Gil, de data 18.07.2018, eliminándose as fincas nº 1, 2 e 3 deste procedemento e quedando os seguintes titulares e parcelas das fincas :

* Finca 15:

- Polígono / parcela.: 22/27
- Titular catastral: MARÍA JOSEFA ELISA LÓPEZ CONDE.
- Superficie: 484,00 m2.
- Referencia catastral: 27051A022000270000HG

* Finca 18:

- Polígono / parcela.: 22/31
- Titular catastral: MARÍA JOSEFA ELISA LÓPEZ CONDE.
- Superficie: 1.325,00 m2.
- Referencia catastral: 27051A022000310000HQ

* Finca 20:

- Polígono / parcela.: 22/33
- Titular catastral: MARÍA JOSEFA BARRERA PÉREZ.
- Superficie: 4.853,00 m2.
- Referencia catastral: 27051A022000330000HL

SEGUNDO.- Proseguir a tramitación do expediente de acordo co Proxecto de prolongación do sendeiro peonil e recuperación de vexetación forestal autóctona dende as aceas ao encontro coa antiga liña do tren mineiro de data 18.07.2018 que inclúe as correccións realizadas polo Técnico Municipal redactor do proxecto.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o expediente e proposta de referencia nos termos da mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

A Corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes en votacion ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión transcrito nos propios termos do mesmo.

7.-EXPEDIENTE Nº 2448 RELATIVO Á APLICACIÓN DA LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA 2018.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 24 de xullo, que textualmente dí:

“DITAME:

DECLARACION DE URXENCIA.-

Pola Alcaldía-Presidencia dase conta da publicación no BOE da Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do estado e repercusións no tocante aos incrementos de retribucións do persoal.

Sinala que no día onte e con carácter de urxencia se reuniu a Mesa de negociación do persoal funcionario e laboral acordándose por unanimidade a aplicación dos incrementos nas contías máximas permitidas pola referida lei, polo que propón a súa declaración de urxencia para elevar ao Pleno municipal a adopción dos acordos correspondentes.

A Comisión acorda por unanimidade dos seus membros estimar a urxencia do asunto.

Os acordos adoptados na mesa de negociación do persoal, por unanimidade, son:

1. Incremento do 1,5 % respecto das retribucións a 31 de decembro de 2017 e con efectos d día 1 de xaneiro de 2018.
2. Incremento do 0,25 % respecto das retribucións a 31 de decembro de 2017 e con efectos do día 1 de xullo de 2018.
- 3.-Incremento adicional do 0,3 % da masa salarial respecto de 2017 para aplicar adicionalmente ao incremento anterior aos Plans de Pensións vixentes neste momento para o persoal en activo.

A Comisión Informativa por unanimidade dos membros acorda ditaminar favorablemente este asunto nos termos sinalados para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

A Corporación Municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo.”

A Alcaldía-Presidencia presenta unha proposta para ser debatida explicando as razóns da urxencia da mesma.

Sendo as 21,20 horas decídese realizar un receso para revisar a Proposta de referencia (da que se entrega copia no acto) e posteriormente sendo as 21,25 horas reincorpóranse os membros da Corporación pasándose primeor ao estudo do punto 8 e posteriormente tratarase, antes de Rogos e preguntas, a Proposta de urxencia da Alcaldía.

8. CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE ABRIL E O 31 DE MAIO DE 2018 (EXPEDIENTE Nº. 1796/2016). MOCIÓN. ROGOS E PREGUNTAS.

MOCIONS.

1.- DO BNG PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA "MANADA".

2.- DO PP SOBRE ADOPCIÓN DE ACORDOS ANTE O FINAL DE ETA.

3.-DO PSG-PSOE SOBRE AGRESIÓNS SEXUAIS E VIOLACIÓNS DURANTE A CELEBRACIÓN DE FESTAS POPULARES E EVENTOS PÚBLICOS

8.1.- DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

A Corporacion queda enterada dos Decretos ditados pola Alcadia-Presidencia no exercicio daas súas funcións e no período indicado no epígrafe.

MOCIONS.-

1.- DO BNG PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA "MANADA".

A Concelleira Sr. Alvarez Lastra, expón a Moción, que se transcribe:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados "La Manada", condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os San Fermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do amentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

E como reacciona o Tribunal? Acordando que aos agresores deben manterse a 500 m de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, os maxistrados confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulación dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é o condenado: a vítima ou os seus agresores?

Non está demais lembrar que as Corporacións municipais son a expresión do mandato cidadá,

e á marxe quedaríamos da sociedade se non recoDemos o clamor da rúa, o pensar e sentir de miles de mulleres e homes, ante a inxusta resolución a esta situación tan grave, que val contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.

Non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas accións de rexeitamento que se teñan ou se valan organizar, canalizando, a través dos instrumentos democráticos, ese clamor cidadá. Chegou o momento de dar un paso máis, e que sexan as Corporacións Locais as que, de motu propio, poñan o seu gran de area na denuncia desta inxustiza social e sumarse, por iniciativa propia, ao berro cidadá polo caso da Manada. É o momento de declarar persoas non gratas nos nosos concellos a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

Para deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis ; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condeada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que, non era sen tempo, xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de cheo para siluav. nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso.

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. A de laración de persoas non gratas a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Afonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

2. Da traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove ano de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de IruíSa.

3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coí :edora do apolo real que ten.”

Promovida deliberación entre os diferentse Grupos por parte da Concelleira do Grupo Socialista Sra. González Ginzo sinálase que está de acordo pero non coa exposición dos delitos que se sinalan e indica que recibiu noticia do Secretariado municipal do PSOE no senso de ter cuidado á hora de efectuar a votación para “nona meterse en líos” polo que require informe da Secretaría sobre as posibles responsabilidades penais, civís e/ou doutra índole nas que se

poda incorrer por parte dos membros da Corporación á hora de votar.

Por Secretaría se sinala que non coñece a sentenza nin os delitos que se imputan polo que non pode informar.

O concelleiro do Grupo Popular Sr. López Penabad atendendo ao qe sinalou a Concelleira do PSG-PSOE e mais agora o Secretario maniféstase en semellantes termos, indicando que debe medirse o voto sobre a Moción.

Por parte do Alcalde tamén se indica que ao BNG tampouco lle parece ben “meterse en líos”.

Finalmente, a Corporación municipal por maioría de catorce votos a favor (dos membros do BNG, do PSG-PSOE, C’s e dous do Grupo Popular) e dúas abastencións dos Sres. Estevez Fernández e García Suárez-do Grupo Popular,-en votación ordinaria, acorda:

1. A declaración de persoas non gratas a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Afonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

2. Dar traslado da parte dispositiva deste acordo plenario á representación legal destas cinco persoas.

3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.

2.- MOCIÓN DO PP SOBRE ADOPCIÓN DE ACORDOS ANTE O FINAL DE ETA.

Dase lectura por parte do concelleiro Sr. Garcia Suárez do Grupo Municipal Popular á Moción que se transcribe:

MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADEO, ANTE EL ANUNCIO DEL FINAL DE ETA.

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Ribadeo, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hace sólo unos días ETA anunció su posible desaparición con el mismo cinismo, inmoralidad e irresponsabilidad que marcaron sus crímenes.

Durante los últimos 50 años los asesinos de la banda terrorista han sembrado fuego y sangre, dejando un legado de odio y rabia que costará eliminar del País Vasco, Navarra y en definitiva, de toda España.

La historia de ETA no es más que el relato de quienes pretendieron instaurar un régimen de terror porque era la única forma de conseguir unos objetivos políticos que no podían lograr de forma democrática; La injusticia, la crueldad y el totalitarismo impuestos por la fuerza y el crimen.

Hoy ETA ha evidenciado por fin que toda su historia ha sido un fracaso. No ha logrado ninguno de los objetivos políticos que se marcó en su larga trayectoria criminal.

Los terroristas no consiguieron ningún rédito por matar, tampoco por dejar de hacerlo, hace ya algunos años. La democracia nada tiene que agradecer a la banda terrorista ETA.

Ahora, cuando ETA, por fin, ha anunciado su desaparición, nuestro primer pensamiento es para las víctimas del terrorismo: las 853 que perdieron la vida; para las que sobrevivieron a los atentados pero que sufren sus secuelas para siempre; para las personas amenazadas y para sus familias. Para todas sin excepción, sin distinguos y sin categorías, porque a todas ha igualado en su fanatismo criminal la violencia terrorista. No hay lugar para las justificaciones ni para las excusas. Nada justifica tanto dolor ni tanta impiedad.

Y fue el testimonio de las víctimas del terrorismo el que desnudó de propaganda y de excusas huecas la auténtica naturaleza criminal del proyecto de ETA; el que lo privó de cualquier atisbo de legitimidad; y el que lo convirtió en algo, simplemente, detestable.

La sociedad española encontró una respuesta contundente a los asesinatos, extorsiones y amenazas: nuestra democracia. Ante los crímenes de ETA justicia; ante la sinrazón del terrorismo, fortaleza moral. Crecimos como sociedad madurando con dolor, por cada pérdida, pero decididos a defender nuestra vida democrática y en libertad.

En el futuro, todos los demócratas velaremos por custodiar este legado que tanto sufrimiento costó a los españoles.

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular presenta la siguiente

MOCIÓN:

El Ayuntamiento de Ribadeo:

PRIMERO.- Asumimos el compromiso de mantener vivo el recuerdo de las víctimas del terrorismo.

SEGUNDO.- Seguimos comprometidos en la lucha contra lo que ETA significó y contra lo que intentó llevar a cabo. Siempre velaremos por un relato veraz y democrático, porque es la mejor garantía de que nada de eso vuelva a suceder.

TERCERO.- Trasladamos nuestra gratitud a todas aquellas instituciones, entidades cívicas y personas que se han implicado en la lucha contra la banda Terrorista ETA.

CUARTO.- Agradecemos a los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado la labor infatigable en la lucha contra la banda terrorista, desarrollada durante todos estos años.

QUINTO.- Mostramos nuestro agradecimiento y apoyo a todas las organizaciones que durante años han defendido la dignidad de las víctimas del terrorismo; han mantenido viva su memoria y han reivindicado justicia para cada uno de los casos.

SEXTO.- Solicitamos al Gobierno de España que los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado sigan investigando los crímenes de ETA, ya que casi 300 asesinatos aún no han sido juzgados.

SÉPTIMO.- Exigimos que los delitos por el terrorismo de ETA se sigan juzgando, condenando si procede y las condenas se cumplan sin impunidad.

OCTAVO.- Nos sumamos a la iniciativa de mostrar el lazo azul, como símbolo de la lucha contra ETA y de compromiso permanente con las víctimas del terrorismo; por su dignidad, memoria, verdad y justicia.

NOVENO.- Apelamos a todos los partidos políticos para que mantengan la unidad del Pacto Antiterrorista. Todas las formaciones políticas deben permanecer unidas frente a los asesinos y sus cómplices.

DÉCIMO.- Pedimos al Gobierno de España que exprese el agradecimiento de la ciudadanía a Francia y al resto de países de la Unión Europea por su compromiso y colaboración, que nos ha permitido derrotar a ETA.”

Intervén o concelleiro Sr. Graña Rama que sinala que o punto de partida do BNG é a ledicia pola desaparición de ETA así como de calquera outra forma do uso de violencia con fins políticos.

Lembrarse das vítimas de ETA e de calquera outro tipo de terrorismo. Solidarizarse coas mesmas.

Entende que a Moción debería plantexarse doutra maneira e referirse a todas as vítimas que houbo durante a democracia e transición.

Están dispostos a pode retomar a Moción facendo referencia a todas as vítimas no entorno mais inmediato.

O Concelleiro Sr. García Suárez manifesta que está de acordo co que di o portavoz do BNG e sabe que hai outras vítimas pero nesta Moción é pola desaparición da banda terrorista ETA.

Quizá noutro momento se poida presentar outra Moción por outras vítimas distintas que as houbo, pero non é agora.

Por parte da representante de Cidadáns sinalar que se vai limitar a votar a Moción presentada tal cual.

Intervén a Concelleira D^a Aurora González Ginzo do PSOE e manifesta que está de acordo co que sinalou o portavoz do BNG pero que non ten problema algún en votar esta Moción en concreto.

Delibérase sobre o asunto polos diferentes representantes dos Grupos.

Prodúcese un receso de 5 minutos sendo as 22,07 horas.

Reanudada a sesión continúaase coa deliberación sobre o ámbito da Moción se ceñida ao terrorismo de ETA ou ao terrorismo con carácter xeral e finalmente **é sometida a votación a Moción de referencia tal como foi presentada resultando aprobada nos termos da mesma por sete votos a favor (dos membros presentes dos Grupos PSG-PSOE, Cidadáns e do Grupo Popular) e nove abstencións dos membros do Grupo do BNG.**

3.-DO PSG-PSOE SOBRE AGRESIÓNS SEXUAIS E VIOLACIÓNS DURANTE A CELEBRACIÓN DE FESTAS POPULARES E EVENTOS PÚBLICOS.

Dase lectura por D^a Aurora González Ginzo, voceira do PSG-PSOE, á Moción que se transcribe:

“MOCIÓN

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadeo a través da súa voceira/o Aurora González Ginzo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxirne Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Según datos do Ministerio do Interior, unha muller é violada en España cada 8 horas, o que significa que cada ano máis de 1.000 mulleres son vítimas deste delito. Ademais, día tras día, somos coñecedores de desagradables noticias vinculadas á violencia machista: Agresións verbais e físicas, intimidacións e situación de acoso e abuso.

Nos últimos anos, ternos coñecido innumerables casos de agresións sexuais producidas

durante a celebración de festas populares e eventos públicos.

As aglomeracións de persoas, como ocorre nas festas populares, son momentos propicios para que teñan lugar este tipo de condutas.

Está claro que ante esta situación todas as Administracións Públicas teñen o deber de reaccionar con todos os recursos que teñan ao seu alcance.

E, en atención a isto, en determinados concellos do Estado se veñen xestionando uns espazos denominados "Puntos Morados", sendo éstos lugares habilitados na propia festa popular, aos que pode acudir a denunciar calquera tipo de conduta contra a integridade das mulleres.

Os "Puntos Morados" será un espazo onde estarán persoas voluntarias cunha formación específica, coordinadas coas forzas de seguridade, para informar, concienciar e acompañar a posibles vítimas en caso de sufrir unha agresión. Ademais, estes puntos deben servir de punto de sensibilización e información á cidadanía.

Por todas estas razóns dende o Grupo Municipal Socialista instamos aos demais Grupos Municipais do Concello de Ribadeo á aprobación polo Pleno dos seguintes ACORDOS:

1. Que o Concello instale "Puntos Morados" en todos os actos e eventos multitudinarios que se celebren no municipio, procedendo á posterior avaliación do funcionamento dos mesmos.
2. Que o Concello realice unha campaña de concienciación, co apoio de carteis informativos e difusión a través das redes sociais, entre outros, co obxectivo de promover unhas festas igualitarias e libres de agresións machistas.
3. Que o dispositivo se poña en marcha en colaboración coas asociacións e colectivos feministas municipais e coordinado coas Forzas de Seguridade e Protección Civil."

De seguido a propia concelleira fai unha breve descrición do que se pretende con esta Moción.

Intervén a Concelleira do BNG Mari Luz Alvarez Lastra que se mostra totalmente de acordo coa Moción e que éo momento de dar pasos firmes, non así co carácter de voluntariado co que tamén se mostra disconforme a técnica da área municipal.

Propoñen que se inste ás institucións superiores, por decilo así (Xunta de Galicia) para que asuman a responsabilidade procedente neste tema tan importante como é a violencia de xénero.

Que debe ser a Xunta quen coordine eses puntos morados de todos os concellos que se sumen a esta iniciativa con persoa cualificado como sexa. Que se debe instar á mesma neste senso.

Tamén sinala que debería coordinarse e /ou organizarse a través do Consello sectorial da muller e da Mesa Institucional de violencia existente en Ribadeo e que leva tempo realizando traballos nestes eidos.

A Concelleira Sra. González Ginzo está tamén totalmente de acordo coa que apunta a concelleira D^a Mari Luz Alvarez, sinala que non é fácil que o PP asuma responsabilidades porque xa se sabe como actúan.

En todo caso está de acordo en engadir ese punto de instar á Xunta de Galicia no senso indicado.

Non obstante polo Concello debe poñerse da súa parte todo o que sexa posible.

O Concelleiro do Grupo municipal Popular Sr. López Penabad sinala que se se dubida de que poida actuar a Xunta tamén existe outro ente que se pode facer cargo como é o goberno do Estado.

Sometida a votación a Moción de referencia resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes, nos termos indicados coa incorporación sinalada de instar á Xunta de Galicia con competencias en materia de igualdade para que sexa quen xestione e coordine os “puntos morados” en actos e eventos multitudinarios en todo o país con persoal cualificado.

DECLARACION DE URXENCIA.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA ASUNTO PARA SER PLANTEXADO COMO URXENTE PARA O PLENO ORDINARIO DE 31 DE XULLO DE 2017.-

Pola Alcaldía-Presidencia ponse de manifestao a súa proposta que se transcribe:

“Problemática no abastecemento de auga para consumo humano no Concello de Ribadeo

Actualmente o Concello de Ribadeo conta con dous puntos de captación de auga para consumo humano, un situado no propio Concello de Ribadeo, no río Grande, concretamente no encoro coñecido como Lexoso, e outro situado no veciño Concello de Trabada, no lugar de Vilarbetote, captando a auga do río Eo e impulsándoa a través duns 20 quilómetros de tubaxe até a súa distribución no depósito de Santa Cruz.

Esta última acometida foi construída a mediados dos anos 70 do século pasado con materiais de fibrocemento, e ten un diámetro duns 300 mm para dar servizo a Ribadeo e a varias parroquias do veciño Concello de Trabada, constituíndo así unha traída de incidencia supralocal.

Tanto esta tubaxe, coma os elementos que a integran (ventosas, válvulas de seccionamento, etc.) atópanse en estado grave de deterioro, debido aos anos que levan en servizo polo que cada vez é mais frecuente a aparición de avarías.

Hoxe martes 31 de xullo de 2018, data de debate e aprobación, se procede, desta proposta, tense producido unha nova rotura desta vella infraestrutura. Este feito debe enmarcarse no elevado número de incidencias deste tipo que se veñen dando non xa nos últimos meses, senón nos últimos anos. Concretamente, en xullo téñense producido cinco roturas na acometida principal, derivadas sempre da situación límite de obsolescencia desta, e non por cuestións fortuítas como treboadas, accidentes de tráfico, ou outras circunstancias alleas.

É por isto que, desde hai varios anos, o Concello de Ribadeo leva pedindo formalmente á Xunta de Galicia unha resposta de colaboración para arranxar dunha vez por todas esta terrible situación de desamparo en que nos atopamos os seus veciños e veciñas, usuarios da auga potable municipal, xa que en calquera momento podemos quedar desabastecidos por unha rotura que non se poida reparar no tempo límite para que os depósitos de reparto non queden

desabastecidos.

Na Xunta de Galicia, tanto os diferentes Directores Xerais de Augas de Galicia, como os distintos Conselleiros de Medio Ambiente así coma o propio Presidente da Xunta son coñecedores desta circunstancia. Son coñecedores tamén da situación de grave desleixo á que estivemos sometidos polos verquidos que se produciron numerosas veces na outra captación municipal, a do Río Grande en Lexoso, pola que tivemos que cortar numerosas veces tamén esa subministración de auga.

E son perfectamente coñecedores de ambas, por ser a Xunta de Galicia quen recada anualmente preto de 400.000,00 € dos veciños e veciñas en concepto de canon da auga e coeficiente de vertedura. Precisamente a filosofía destas taxas en cuestión está concibida para que a propia Xunta colabore no financiamento de obras hidráulicas cos Concellos (*artigo 44 da Lei 9/2010 de Augas de Galicia*), tal e como se ve nos numerosos convenios bilaterais que asina habitualmente cunha chea de Concellos, agás co de Ribadeo.

Como levamos moitos anos esixindo, demandando, implorando, pedindo colaboración, sabemos que, hai uns seis ou sete, a Xunta chegou a elaborar un proxecto global de substitución de toda esta acometida por unha nova e por un novo trazado. Aínda que o ente autonómico non foi quen de enviarnos copia deste, soubemos que o orzamento achegábase a unha cifra de cinco millóns de euros. **Dese proxecto nunca mais se soubo.**

Como os responsables da Xunta saben da nosa actitude pertinaz, e despois de insistir moitas mais veces de forma tanto verbal como escrita, desde o ente autonómico Augas de Galicia chegouse a redactar unha separata ao proxecto principal, dirixido á construción dun novo depósito de almacenamento de auga en Santa Cruz, titulado "*Actuacións no abastecemento de Ribadeo Fase 1*". Neste caso si nos remitiu copia do documento técnico para o noso informe previo (10/12/2014), que foi evacuado desde o Concello coas suxestións e correccións que os técnicos municipais e da concesionaria indicaron (27/01/2015). Con todo, indicóuselles que un novo depósito, aínda sendo un avance, non era o remedio aos problemas, senón que a solución era a execución dunha nova acometida. **Dese outro proxecto novamente nunca mais se soubo.**

Nestes últimos anos agudizamos os contactos verbais e por escrito por mor da problemática xurdida cos vertidos de lixiviados no río Grande, o que inviabilizaba a captación de Lexoso e deixaba como única posible a do Río Eo (agás cando esta rompe, que como xa dicimos, é moi frecuente). Despois de moitos oídos xordos con esta situación, e diante da ameaza pola nosa parte de acudir á Fiscalía por este presunto delito ambiental, desde Augas de Galicia quixeron calmar os ánimos do Concello coa promesa de, entremetres non se solucionara a renovación da acometida de fibrocemento de Vilarbetote, executar unhas pequenas obras para volver recuperar os vellos mananciais das Fontes do Lobo e conectalos coa rede xeral.

Estas pequenas captacións que están situadas entre as parroquias de Piñeira e Ove, levan en desuso moitos anos por ser insuficientes para a demanda de auga do Ribadeo de hoxe en día, polo que tamén é dubidosa a utilidade real que puideran chegar. Con todo, desde o Concello

pareceunos ben este “pequeno parche” que non resolve a problemática pero que podería axudar en certa medida. **Despois de varios anos de esperas, cousa estraña, deste outro cativo proxecto temos que dicir que, curiosamente, nunca mais se soubo.**

Pretendemos hoxe poñer de manifesto ben ás claras a situación límite á que se está a someter aos Concellos de Ribadeo e Trabada, polo esquecemento deliberado a pesares das numerosas incidencias que temos padecido nestes últimos anos, sen que semella que fósemos merecedores da aplicación do disposto na propia Lei de Augas de Galicia, no relativo á colaboración económica efectiva por parte da Xunta, tendo en conta o que leva recadado entre os habitantes destas entidades.

Queremos dicir, tal e como os técnicos municipais e da Concesionaria nos indican reiteradamente, que en calquera momento, por mor dunha rotura imprevisible, a poboación de Ribadeo pode quedar seriamente desabastecida de auga potable durante días.

Por todo o anterior, solicítase do Pleno o acordo para o seguinte pronunciamento:

- **PRIMEIRO.** Que a Xunta de Galicia licite as obras de substitución da vella acometida de fibrocemento que vai á captación do Río Eo, en Vilarbetote (Trabada), de acordo co proxecto que ten desde hai anos redactado.
- **SEGUNDO.** Que a tramitación desta actuación sexa polo procedemento de urxencia, dadas as motivacións de posible desabastecemento á poboación do Concello.
- **TERCEIRO.** Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta e á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación á declaración de urxencia da presente proposta e proceder, en consecuencia ao seu tratamento.

De seguido ábrese un turno de palabra intervindo os voceiros dos diferentes Grupos Políticos así como o alcalde que realiza diferens explicacións dos últimos acontecementos con roturas na traída, etc.

Auséntase, neste intre, do Salón de sesións a concellería do BNG D^a. Paz Ermida Iglesias.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía é aprobada por maioría de 11 votos a favor (8 do BNG, dous do PSG-PSOE e un de C’s) e catro abstencións (do Grupo municipal Popular), nos seus propios termos.

ROGOS E PREGUNTAS.-

Por parte da Sra. Saiz García, do Grupo Mixto-Cidadáns non se formula ningún rogo nin pregunta.

DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Reiterase, por parte da concelleira Sra.González Ginzo, a pregunta formulada nun Pleno anterior sobre a entrada de xente na Illa Panca que non ten nada que ver coa actividade que se desenvolve alí.

O Sr.Alcalde resposta que non a Autoridade portuaria aínda no contestou.

Refírese a Sra.Concelleira a rúa San Roque preguntando quen é o responsable de comprobar que as obras se axustan ao proxecto e se están feitas esas comprobacións.

O Sr.Alcalde resposta que o director é o arquitecto muniicpal Sr.Longarela Sanfiz e que aínda no está recepcionada porque non está acabada.

Pregunta tamén polos prazos para reparacions, garantías, etc.

Refírese a mesma concelleira ao punto limpo e accesos ao mesmo que están impracticables.O Concelleiro Sr. Castro Reigosa informa que está pendente de asfaltar.

Sobre a rúa Recarey pregnta por unha casa que se derrubou, se se expropiou. O Sr.Alcalde resposta que aínda non.

Pregunta tamén polas rúas que están sucias, con manchas e sen lavar, non sen barrer pero sí sen lavar.

Polo Concelleiro Sr. Castro Reigosa sinálase que se está realizando pero que van por tramos.

Algo parecido sucede, sinala a Concelleira no uso da palabra, coa máquina desbrozadora, que se ten a máquina pero non se realizan as labores, que no caso de Vilaframil están esta semana e que sempre pasa o mesmo que se vai ao final con presas.

Refírese á necesidade pola perigosidade que ofrecen de rozar nos cruces de viarios e camiños.

O concelleiro Sr. Castro Reigosa expllica como está o estado da cuestión.

Pregunta igualmente polos pasos de peóns no núcleo urbano que teñen o cartel “mire á esquerda” ou “mire á dereita” sinalando que nalgunos quizá habería que poñer as dúas lendas porque pode ser perigoso de ambos lados.

A mesma Concelleira Sra. González Ginzo pregunta se sería posible asinar un convenio coa Deputacion Provincial para xestionar o Hospital Asilo municipal.

O Sr.Alcalde indica que podería ser posible, pero que van “atorar” á Deputación, e que de momento vaise rematar o que está facéndose na actualidade co Centro de maiores novo.

Pregunta tamén polo vado de correos indicando que fóra do horario que se utiliza para correos debería poder aparcarse toda vez que non sobran, precisamente, os aparcamentos tal e como están na actualidade.

O Sr. Alcalde manifesta que se mirará.

DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

A Concelleira do Grupo municipal Popular Sra Tosar López refírese a caídas de persoas na rúa peonil, concretamente donde está ABANCA na rúa Rodríguez Murias, pola existencia de plaquetas ou baldosas e adoquíns mal colocados ou desprendidos. Igual sucede nas proximidades da tenda de Arenal.

O Alcalde sinala que é consciente diso e que pasa notas continuamente aos servizos correspondentes.

O Sr.López Penabad pregunta se o firme da rúa San Roque vai quedar así xa que o pulido que se lle deu deixa moito que desear.

O Sr. Castro Reigosa explica que o pulido se fixo así por seguridad, sinalándose tamen pola Alcaldía-Presidencia que no paran de recibir parabéns polo estado en que quedou dita rúa.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintetres horas e cinco minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE